

PREGUNTA DE AER SOBRE RECUPERACIÓN DO VAL DE MACEIRAS

PLENO 26 ABRIL 2012. ACTA 7/2012

No pleno ordinario de marzo, o BNG presentou unha moción sobre o anteproxecto de recuperación do Val do Maceiras, aprobándose a proposta de AER de informar aos afectados e á veciñanza en xeral. Por agora, sabemos que se reuniron coa asociación de afectados pero non coñecemos ningunha medida informativa máis, incumprindo así o acordo plenario. **Por todo o anterior, preguntamos:**

- **Teñen pensando facer algunha asemblea en Negros na que os veciños poidan informarse?**
- **Teñen pensado deixar copias do anteproxecto no Multiusos da Xunqueira e no centro cultural de Negros para que os veciños interesados teñan un acceso fácil á información?**
- **Teñen pensado subir o anteproxecto á paxina web do concello? Pensamos que non é moi difícil, nós fixémolo.**

O concelleiro Pazos Couñago resposta que xa tiveron unha reunión cos afectados e primeiro hai que chegar a un acordo con eles, para despois abrir o documento ao resto dos veciños.